

momento en que se produza. En particular, deberán comunicar a seguinte información:

a) Altas e baixas dentro das agrupacións de produtores que determinen un cambio de adscrición da Administración competente para a xestión da parte da cota correspondente que se integra ou segrega da organización.

b) Toda transferencia de explotación que teña lugar entre produtores de distinta comunidade autónoma ou integrados en agrupacións de produtores de competencia doutra Administración, polo montante exacto da porcentaxe de cota obxecto de transferencia, con expresión da información precisa sobre a cota obxecto de transferencia.

c) Toda unificación ou cesión temporal ou definitiva de cotas que teña lugar entre produtores ou agrupacións de produtores que determine un cambio na súa xestión.

d) Todo intercambio de cotas entre produtores individuais non integrados en ningunha organización ou entre organizacións de produtores, de distintas comunidades autónomas.

2. O intercambio de información farase en soporte informático e incluíndo, como mínimo, os datos que estableza o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para facilitar a actualización continua da base de datos existente no citado ministerio.

Deberáselle facilitar ao Fondo Español de Garantía Agraria, antes da data límite para a formalización dos contratos de cultivo, información a escala nacional e en soporte informático sobre a asignación de cotas para a contratación, movementos de cotas e cambios de limiar por grupos de variedades que afecten á colleita en curso.

3. Para a xestión das cotas da súa competencia, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación consultará as comunidades autónomas afectadas.»

Dezasete. Introdúcese un novo artigo 32 co seguinte contido:

«Artigo 32. *Colaboración na aplicación do réxime de primas.*

O FEAGA, na súa condición de organismo de coordinación dos organismos pagadores, desenvolverá as actuacións necesarias coas comunidades autónomas afectadas co obxecto da aplicación e execución harmonizada en todo o territorio nacional da normativa comunitaria e nacional do réxime de axudas a que fai referencia este real decreto.»

Dezaoito. Introdúcese un novo artigo 33 do seguinte teor:

«Artigo 33. *Subministración de información á Comisión Europea.*

De acordo co previsto nos artigos 4 e 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e no artigo 5 do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, as distintas administracións públicas estarán obrigadas á subministración da información necesaria para a aplicación dos regulamentos comunitarios e, en especial, para a súa comunicación á Comisión Europea por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.»

Dezanove. A disposición adicional única terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Convenios de encomenda de xestión.*

As comunidades autónomas afectadas e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

poderán subscribir convenios de encomenda de xestión para a execución pola Administración xeral do Estado das competencias que correspondan ás comunidades autónomas, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

MIGUEL ARIAS CAÑETE

3065 *REAL DECRETO 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite. («BOE» 43, do 19-2-2004.)*

Para mellorar a transparencia dos circuitos comerciais que percorren as producións gandeiras, os sistemas de rastrexabilidade perfilanse como unha ferramenta de grande axuda que permiten a transferencia de información ininterrompida desde a granxa ata as industrias de transformación e finalmente ao consumidor.

Ao trazar o percorrido que realiza un produto de orixe animal, conséguese non só seguir o seu rastro a través de todos os sistemas de produción, transformación e distribución, senón que ademais se obtén unha información moi valiosa canto a particularidades do proceso de produción que interesan a todos os segmentos involucrados da cadea de comercialización.

O Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, establece no seu artigo 18 a necesidade para as empresas alimentarias de poren en práctica, a partir do 1 de xaneiro de 2005, sistemas que permitan, en todas as etapas de produción, transformación e distribución, asegurar o seguimento ou rastrexabilidade dos alimentos.

A Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, na súa reunión do 15 de abril de 2002, chegou a un acordo para pór en marcha sistemas que aseguren a rastrexabilidade e a calidade no sector lácteo, e habilitar os mecanismos para coñecer con exactitude o camiño que segue o leite cru de vaca desde que é recollido na explotación ata que entra nun proceso de transformación na industria ou chega a outros destinos.

Co fin de dar satisfacción a un dos obxectivos do citado acordo da Conferencia Sectorial, este real decreto recolle a posta en práctica de medidas que pretenden facilitar a rastrexabilidade do leite, a través da identificación e rexistro de todos os axentes implicados na produción, recollida, transporte, almacenamento e tratamento de leite de vaca e dos contedores de leite, que permitirá rexistrar os movementos de leite que se producen entre eles.

Tanto o rexistro de axentes e contedores como o movemento de leite sustentaranse e integraranse na base de datos Letra Q, que se crea para o efecto.

Nunha fase posterior procederáse á inclusión no sistema informatizado Letra Q da información relativa á calidade do leite en todas as fases de produción, co fin de acadar o obxectivo de mellorar a seguridade do produto e, en definitiva, a transparencia no sector.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2004,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto da norma e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto a identificación e rexistro de todos os axentes que produzan, transporten, recollan, manteñan, transformen ou posúan leite cru de vaca, así como de todos os contedores que alberguen leite cru procedente de femias desta especie.

Igualmente, é obxecto desta norma o rexistro de todos os movementos de leite cru que teñan lugar entre os axentes e contedores rexistrados, incluídos os movementos de leite desde ou cara a outros países.

2. Este real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Leite: o leite cru producido por unha ou varias vacas que non fose queñado a unha temperatura superior a 40 °C nin sometido a un tratamento de efecto equivalente.

b) Establecemento: todos os lugares que alberguen leite en tanques de frío e silos, incluíndo as explotacións e os centros de transformación, recollida e destrución.

c) Explotación: calquera instalación, construción ou, no caso da cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen vacas que se mungan para a produción de leite.

d) Centro de recollida: establecemento vinculado a un operador no cal se pode recoller o leite cru e, se é o caso, arrefriarse e purificarse.

e) Centro de transformación: establecemento vinculado a un operador no cal se procede a unha ou a varias das seguintes manipulacións do leite: desnatado, tratamento térmico e transformación.

f) Centro de destrución: establecemento autorizado polas autoridades competentes para a xestión do leite considerado como residuo.

g) Axente: toda persoa física ou xurídica que posúa ou manexe leite, incluíndo os produtores, os operadores e os transportistas.

h) Produtor: o gandeiro, persoa física ou xurídica ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, cuxa explotación estea situada no territorio español, que venda leite ou outros produtos lácteos directamente ao consumidor ou que os entregue a un comprador.

i) Operador: toda persoa física ou xurídica que posúa leite, vinculada ou non a un centro de recollida ou transformación, con exclusión dos produtores. Entenderanse incluídos neste concepto os compradores comercializadores e os compradores transformadores.

j) Contedor: calquera recipiente para o almacenamento do leite cru de vaca. Considéranse os seguintes tipos de contedores:

1.º Tanque de frío: recipiente de almacenamento de leite para a súa entrega, situado nunha explotación ou vinculado a ela.

2.º Cisterna: recipiente empregado para o transporte de leite en vehículos de tracción de motor ou remolques.

3.º Silo: recipiente de almacenamento de leite situado nos centros de recollida ou centros de transformación.

k) Movemento de leite: as entradas ou saídas de leite dos contedores, procedentes ou con destino a outros contedores situados no territorio español ou no exterior.

l) Responsable do centro: persoa física vinculada a cada centro de recollida, de transformación ou de destrución, designada polo operador como responsable para a comunicación da información prevista neste real decreto á autoridade competente, e á base de datos Letra Q, establecida no artigo 9.

m) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.

Artigo 3. *Rexistro xeral de axentes do sector lácteo.*

1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o Rexistro xeral de axentes do sector lácteo, que agrupará os datos rexistrados polos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. O Rexistro xeral de axentes do sector lácteo terá carácter público e informativo, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección dos datos de carácter persoal.

3. As autoridades competentes das comunidades autónomas rexistrarán os establecementos e os contedores situados no seu ámbito territorial e os axentes a que pertencen, cos datos mínimos que figuran no anexo I, e asignarán a cada elemento do sistema un código de identificación, de acordo co establecido no artigo 5.

No caso das cisternas, rexistraráas a autoridade competente da comunidade autónoma onde radique o domicilio ou domicilio social do operador ou transportista propietario das cisternas.

4. Para efectos do establecido nos epígrafes anteriores, o Rexistro xeral de axentes do sector lácteo estará informatizado e o seu sistema de xestión permitirá que as altas, baixas e modificacións que realice a autoridade competente teñan reflexo inmediato no rexistro.

Artigo 4. *Obrigas dos axentes.*

1. Todos os axentes lles deberán facilitar ás autoridades competentes das comunidades autónomas os datos necesarios para o rexistro que figuran no anexo I, con excepción dos códigos de identificación establecidos nos epígrafes 2, 4 e 5 do artigo 5.

2. Igualmente, deberanlle comunicar á autoridade competente os cambios nos datos consignados no rexistro no prazo máximo dun mes desde que se produzan, sen prexuízo de que as comunidades autónomas poidan establecer un prazo inferior.

Artigo 5. *Código de identificación dos axentes, establecementos e contedores.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas procederán a asignar a cada axente e contedor un código que garanta a súa identificación de forma única.

2. No caso das explotacións gandeiras, identificaranse co código de explotación establecido na normativa reguladora do Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA).

3. No caso dos axentes, estes estarán identificados polo número de identificación fiscal (NIF).

4. Os centros de transformación, recollida e destrución estarán identificados por un código formado por un secuencial de cinco díxitos, seguido de dous díxitos de control.

5. Os contedores estarán identificados do seguinte xeito:

a) Os tanques de frío, polo código da explotación máis un código secuencial de dous díxitos, que identificará os diversos tanques dunha explotación de forma individual.

b) As cisternas e silos, por un secuencial de cinco díxitos, seguido de dous díxitos de control.

Artigo 6. *Inscripción no rexistro de establecementos e axentes, e identificación dos contedores.*

1. Unha vez recibidos pola autoridade competente os datos completos dos establecementos e axentes, procederase a realizar, se así corresponde, a asignación do código de identificación, a inscrición no rexistro e a súa comunicación aos interesados. Do mesmo modo se actuará nos supostos de modificación ou baixa, cando corresponda.

2. A autoridade competente da comunidade autónoma identificará os contedores mediante unha etiqueta adherida a estes de forma permanente, de xeito que sexa lexible. O contido mínimo da etiqueta para cada un dos tipos de contedores recollidos no artigo 2. j) será o que se establece no anexo II. A etiqueta estará fabricada cun material acorde coas características que se establecen no anexo III.

Artigo 7. *Rexistro de entregas de leite, recibo de entregas e rexistro de movementos.*

1. Os produtores deberán manter na súa explotación un rexistro actualizado en que anotarán todas as entregas de leite. O rexistro conterá polo menos os datos relativos á data en que ten lugar a entrega, a cantidade de leite entregado, o operador e o código de identificación da cisterna que o recolle, así como unha indicación cando se realizase toma de mostras e o resultado da análise.

2. O persoal encargado da recollida do leite expedirá un recibo para cada entrega que lle proporcionará ao produtor. O dito recibo conterá polo menos a seguinte información: produtor, explotación, data e hora da recollida, cantidade de leite entregado, operador e cisterna que o recolle, e se se realizou ou non toma de mostras.

3. Igualmente, cada operador manterá de forma manual ou informatizada un rexistro de movementos asociado a cada cisterna onde se anotarán os datos relativos á data, hora de recollida ou de transvasamento do leite, establecemento de orixe, contedor de onde procede o leite, cantidade, cisterna que recolle o leite, establecemento de destino do leite, operador propietario do leite, nome da persoa encargada da recollida do leite, se se realizou toma de mostras e o resultado da análise, se é o caso.

4. Para os efectos de facilitar a comunicación dos movementos de leite, prevista no artigo 8, á base de datos Letra Q, o responsable de cada centro en que se produza unha entrada de leite recibirá a información rexistrada segundo o disposto no número 3, correspondente ás cantidades que entren no dito centro.

5. As anotacións no rexistro de entregas de leite da explotación faranse no prazo de 24 horas desde que se produza o movemento, con excepción dos resultados das análises das mostras que se anotarán cando se dispoña deles.

As anotacións no rexistro de movementos asociado a cada cisterna realizaranse no momento da recollida ou o transvasamento do leite.

Os rexistros e os recibos de entrega conservaranse, como mínimo, durante un prazo de tres anos á disposición da autoridade competente.

Artigo 8. *Comunicación de movementos.*

1. Os responsables dos centros estarán identificados segundo establece o artigo 10, e deberánlle comunicar á base de datos Letra Q creada mediante o artigo 9 todos os

movementos de leite que se produzan desde ou cara aos contedores do centro, nun prazo non superior ás 48 horas desde que teña lugar o movemento.

2. Para cada movemento de leite deberánse comunicar, polo menos, os datos relativos á cantidade de leite, data e hora en que ten lugar o movemento, código de identificación do establecemento de orixe e de destino, cando proceda, código do contedor de orixe e de destino, operador propietario do leite, se se realizou toma de mostras e o resultado da análise, se é o caso.

Artigo 9. *Base de datos Letra Q.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación crea a base de datos Letra Q como ferramenta para asegurar a rastrexabilidade no sector lácteo, que constituirá o soporte do Rexistro xeral de axentes do sector lácteo e conterá toda a información relativa aos movementos de leite.

2. A base de datos será accesible desde calquera punto remoto a través da internet e terán acceso a ela, mediante o sistema que se establece no artigo 10, tanto as autoridades competentes como os axentes e os establecementos rexistrados para a información que lles compete, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección dos datos de carácter persoal.

Artigo 10. *Sistema de acceso á base de datos Letra Q.*

1. O acceso á base de datos requirirá identificación segura das persoas físicas designadas polas autoridades competentes, así como das persoas físicas que accedan en representación de axentes e establecementos rexistrados.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación proporcionarlles unha identificación electrónica aos responsables dos centros, sen prexuízo da posible validez de identificacións electrónicas expedidas por terceiros que, se é o caso, poidan establecerse.

Artigo 11. *Controis.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coordinará as actuacións en materia de control.

2. As autoridades competentes levarán a cabo os controis necesarios, administrativos e sobre o terreo, para garantir o cumprimento deste real decreto.

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicables de acordo co establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Recursos humanos e materiais.*

A base de datos Letra Q creada polo artigo 9 funcionará cos actuais recursos humanos e materiais de que dispón o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación.

En función das disponibilidades orzamentarias para cada exercicio, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá participar no financiamento da adecuación dos sistemas informáticos dos operadores para o cumprimento do disposto neste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Obrigas respecto da rastrexabilidade.*

O rexistro de movementos e o rexistro de entregas de leite asociado a cada explotación recollidos no artigo 7

servirán aos axentes para os efectos de cumprir as súas obrigas respecto ao seguimento do produto establecida polo Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria.

Disposición transitoria primeira. *Prazo para a inscrición.*

Establécese un prazo máximo ata o 31 de maio de 2004, incluído, para que os órganos competentes de cada comunidade autónoma inscriban no rexistro regulado no artigo 3 os axentes e contedores do sector lácteo radicados no seu territorio, así como as cisternas que pertencen a un operador ou transportista cuxo domicilio ou domicilio social radique no seu ámbito territorial, cos datos mínimos que figuran no anexo I, asignando a cada elemento do sistema un código de identificación, de acordo co establecido no artigo 5.

Disposición transitoria segunda. *Prazo para o establecemento de rexistros de entregas nas explotacións.*

Os produtores poderán diferir o establecemento do rexistro actualizado de entregas de leite a que se refire o artigo 7.1 ata o 1 de abril de 2004.

Disposición transitoria terceira. *Prazo para a comunicación de movementos.*

Establécese como prazo máximo o 1 de xaneiro de 2005 para que os responsables dos centros procedan a lle comunicar á base de datos recollida no artigo 9 todos os movementos de leite que se produzan desde e cara aos seus contedores.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e ao amparo do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas atribucións, as disposicións e medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto, e en particular para aprobar, mediante orde ministerial, os datos sobre cada movemento que deben comunicar os responsables dos centros, e os protocolos e procedementos de carácter técnico que aseguren a coordinación e o funcionamento da base de datos informatizada, que servirá de soporte ao Rexistro xeral de axentes do sector lácteo, no conxunto do Estado.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido dos anexos, para a súa adaptación á normativa comunitaria ou por motivos urxentes de sanidade animal.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I

Datos mínimos do Rexistro xeral de axentes do sector lácteo

1. Produtores, operadores e transportistas:

CIF/NIF.

Nome, apelidos ou razón social.

Domicilio, localidade (comunidade autónoma-provincia-municipio), teléfono, fax, correo electrónico.

2. Establecementos (explotacións, centros de transformación, centros de recollida e centros de destrución):

Tipo de centro.

CIF/NIF do titular da explotación, operador ou empresa a que pertence.

Código de identificación e nome do centro.

Domicilio, localidade (comunidade autónoma-provincia-municipio).

Teléfono, fax, correo electrónico.

CIF/NIF e nome do responsable do centro e do produtor (explotacións).

Transforma leite (si/non) (centros).

Número de Rexistro de industria (centros).

Cualificación sanitaria (explotacións).

Coordenadas xeográficas.

3. Contedores:

Tipo: tanque, silo, cisterna.

Código de identificación.

Capacidade.

CIF/NIF produtor (tanques).

CIF/NIF do operador ou transportista (cisternas).

Código do centro onde está situado (silos).





Número de depósitos (cisternas).

ANEXO II


Contido mínimo das etiquetas para a identificación dos contedores

1. Etiqueta para a identificación de cisternas.


Simboloxía dos códigos de barras: «Bar Code 39».

		
IDENTIFICACIÓN DE CISTERNAS		
<ul style="list-style-type: none"> ● RASTREXABILIDADE E CALIDADE DO LEITE DE VACA ● CAPACIDADE: 		
		
000000		

2. Etiqueta para a identificación de silos.
Simboloxía dos códigos de barras: «Bar Code 39».



3. Etiqueta para a identificación de tanques de frío.
Simboloxía dos códigos de barras: «Bar Code 39».



ANEXO III

Material das etiquetas para a identificación dos contedores

As etiquetas adhesivas para a identificación dos contedores de leite deberán estar fabricadas en poliéster e ser impresas por transferencia térmica, co fin de garantir a súa perdurabilidade no tempo.

Pola súa vez, deberán incorporar un sistema de seguridade co fin de evitar a súa manipulación.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

3277 *REAL DECRETO 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade. («BOE» 45, do 21-2-2004.)*

Dentro das políticas sociais desenvolvidas polo Goberno nos últimos anos, as persoas con discapacidade

constituíron un eixe de actuación prioritario. Preténdese con isto dar cumprimento ao mandato do artigo 49 da Constitución, co obxectivo último de que as persoas con discapacidade poidan gozar de todos os dereitos constitucionais coma o resto dos cidadáns, incluído o dereito ao traballo reconecido no artigo 35 da Constitución española.

Coa finalidade de integración laboral das persoas con discapacidade, o 3 de decembro de 2002 o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais asinou co Comité Español de Representantes de Minusválidos (CERMI) un acordo sobre medidas para mellorar as oportunidades de emprego das persoas con discapacidade e que constitúe o II Plan de emprego MTAS-CERMI 2002-2004. Neste acordo as partes asinantes manifestan a súa vontade de contribuir responsablemente á consecución do pleno emprego da poboación en xeral e que ao dito obxectivo coaduxve a incorporación ao mercado de traballo ordinario ou, cando non sexa posible, protexido do maior número posible de persoas con discapacidade.

O Goberno adoptou desde entón diversas iniciativas normativas para o cumprimento do acordo, que concluíron xa en moitos casos na aprobación de normas de diverso rango, desde a Lei 45/2002, do 13 de decembro, do medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, até a Lei 36/2003, do 11 de novembro, do medidas de reforma económica, procedente do Real decreto lei 2/2003, do 25 de abril.

No mesmo sentido, non pode esquecerse que 2003 foi declarado Ano Europeo para as Persoas con Discapacidade. E neste marco, aprobáronse tamén outras importantes normas, como a Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria, e a Lei 51/2003, do 3 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, na que tamén se inclúen algunhas medidas derivadas do acordo.

Debe apuntarse que a integración laboral das persoas con discapacidade figura tamén como obxectivo relevante no Plan de Acción para o emprego do Reino de España para o ano 2003 aprobado polo Goberno o 19 de setembro dese ano e no II Plan de Acción para as persoas con Discapacidade (2003-2007) aprobado polo Consello de Ministros o pasado 5 de decembro.

No punto III.2 do acordo citado, as partes asinantes apostan polo emprego ordinario como mellor instrumento de integración social dos minusválidos, para o cal consideran necesario buscar novos mecanismos para facilitar o tránsito desde o emprego protexido ao emprego ordinario.

Este real decreto obedece ao compromiso asumido polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de regular os enclaves laborais, como unha das modificacións normativas dirixidas a actualizar o marco xurídico que permita a creación de emprego das persoas con discapacidade, lograr a súa maior integración no mercado de traballo ordinario e facilitar o cumprimento da obrigación de reserva de contratación polas empresas.

Diversas normas legais habilitan o Goberno para a regulación dos enclaves: en primeiro lugar, o artigo 17.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, segundo o cal o Goberno poderá outorgar subvencións, desgravacións e outras medidas para fomentar o emprego de grupos específicos de traballadores que encontren especiais dificultades para acceder ao emprego. En segundo lugar, a Lei 13/1982, do 7 de abril, do integración social dos minusválidos, que dedica o seu título VII á integración laboral, incluídos os centros especiais de emprego a que se refiren os artigos 41 a 46 da dita